

BANDO INFORMATIVO

CACHARELAS DE SAN XOÁN

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso,

INFORMA: O Concello de Oroso abre o prazo para comunicar a realización das **cacharelas de San Xoán**.

As solicitudes poden recollerse nas oficinas xerais do Concello ou descargarse da páxina web.

O **prazo** para a súa presentación rematará ás **14 horas do día 22 de xuño**.

Nas solicitudes establécense unhas normas de seguridade que os interesados deben coñecer para que a noite se desenvolva sen incidentes. Entre outras recomendacións lémbrese que o volume da fogueira non excederá os 8 metros de perímetro e os 3 de altura, a separación entre o lume e as vivendas ou árbores debe ser como mínimo de 12 metros.

Ao día seguinte os responsables da organización deberán deixar o lugar onde se realizou a cacharela limpo.

O que se fai público para xeral coñecemento
Oroso, 13 de xuño de 2018

Asdo.: Manuel Mirás Franqueira

